

disposicións anteriores a Lei 50/1984, do 2 de agosto. Igualmente serán computados, para estes efectos, o primeiro ano de excedencia por coidado de familiares declarada de acordo coa Lei 39/1999, do 5 de novembro.

Segunda.-Funcionarios de carreira que participan por primeira vez con carácter voluntario.

Estes funcionarios poderán optar, indicándoo na súa instancia de participación, pola puntuación correspondente á epígrafe 1.1.3 deste baremo ou pola epígrafe 1.1.4 del.

No caso de exercitar a opción pola epígrafe 1.1.4, puntuaráselle por esta epígrafe, ademais dos anos de servizo prestados como funcionario de carreira en expectativa de destino, os que prestasen no posto desde o que participan con destino definitivo.

No suposto de non manifestar ningunha opción na instancia de participación, entenderase que optan pola puntuación correspondente á epígrafe 1.1.3.

Terceira.-Para os efectos previstos na subepígrafe 2.2.5 non serán tidos en conta cando sexan simultáneos a calquera outra subepígrafe da epígrafe 2.2.

*Orde do 20 de outubro de 2006 pola que se convoca concurso de traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario, para cubriren prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.*

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo, regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros. O artigo 23 do citado decreto prevé que a provisión de postos docentes nos centros específicos de educación e promoción de adultos se efectuará a través dun concurso de traslados específico, no cal se terá en conta, entre outros méritos, a experiencia no ensino de adultos en centros EPA, así como a formación acreditada.

Existindo vacantes nos centros de educación permanente de adultos, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dispuxo convocar concurso de traslados de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-Convócase concurso de traslados, de acordo coas especificacións que se citan nesta orde,

para a provisión de prazas vacantes entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario (corpo 590).

Este concurso rexeráse polas seguintes disposicións: Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, de participación, avaliación e goberno dos centros docentes, Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, Real decreto 850/1993, do 4 de xuño, Real decreto 575/1991, do 22 de abril, Real decreto 1701/1991, do 29 de novembro, Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, modificado polo Real decreto 2042/1995, do 22 de decembro, Real decreto 777/1998, do 30 de abril, Real decreto 1027/1993, do 25 de xuño, Real decreto 2193/1995, do 28 de decembro, e Decreto 88/1999, do 11 de marzo.

Segunda.-As vacantes que se ofertan neste concurso son as que se publican no anexo I da convocatoria.

Terceira.-Poderán participar neste concurso, a prazas correspondentes ás especialidades das que sexan titulares, os seguintes funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensino secundario.

1. Funcionarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1.1. Poderán participar con carácter voluntario neste concurso de traslados:

a) Os funcionarios que estean en situación de servizo activo con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que, de conformidade co establecido no parágrafo segundo do número 6 da disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, transcorresen ao remate deste curso académico, polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

b) Os funcionarios que se atopan en situación de servizos especiais, expresamente declarados como tales nos puntos previstos no artigo 29.2º da Lei 30/1984, do 2 de agosto, así como as situacións de idéntica natureza establecida por disposicións anteriores á Lei 30/1984, do 2 de agosto, desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que transcorresen ao remate deste curso académico, polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

c) Os funcionarios que estean en situación de excedencia voluntaria declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

d) Os funcionarios que se atopan en situación de suspensión declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Orde-

nación Universitaria, sempre que ao finalizar o curso escolar en que se realicen as convocatorias transcorrese o tempo de duración da sanción disciplinaria de suspensión.

1.2. Para os efectos previstos no punto 1 entenderase como data de finalización do curso académico a do 31 de agosto de 2007.

2. Os profesores con destino provisional durante o curso 2006-2007 que estean prestando servizos en centros dependentes desta consellería.

Cuarta.-Dereito preferente para obter postos no centro onde tivesen destino definitivo.

Terán dereito preferente á localidade en que está situado o centro o profesorado suprimido, o profesorado desprazado do seu centro no curso académico 2006/2007 por falta de horario ou que estea prestando servizos no seu centro noutra especialidade. En todo caso, considérase profesorado desprazado por falta de horario o que, como consecuencia de traslado de ensinanzas, non puido quedar adscrito definitivamente no centro receptor, segundo dispón o artigo 7.3º do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes.

Quinta.-Forma de participación.

Os concursantes presentarán unha única instancia e unha folla de alegación e autobaremación e simultaneamente presentarán, para a demostración dos méritos, os documentos que se indican no baremo que aparece como anexo II.

Non terán que presentar os documentos xustificativos dos méritos alegados aquelas persoas que participen no concurso xeral de traslados convocado por Orde do 20 de outubro de 2006 desta consellería.

A instancia dirixirase á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Todas as fotocopias que se remitan deberán ir acompañadas das dilixencias de compulsas, expedidas polos directores dos centros ou das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Non se admitirá ningunha fotocopia que careza da dilixencia de compulsas.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá requirir o interesado, en calquera momento, a xustificación daqueles méritos alegados que non estean debidamente acreditados.

Aínda que se concorra a prazas de diferentes especialidades, só poderá obterse un único destino.

Sexta.-As instancias, así como a documentación á que se alude no punto anterior, poderanse presentar nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou en calquera das dependencias a que alude o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de

que optasen por presentar a súa solicitude nunha oficina de correos, farano en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Así mesmo, a solicitude poderá efectuarse a través da internet. En caso de usar a páxina web da Secretaría Xeral, imprimirase a petición que poderá presentarse no propio centro educativo no que presten servizos. Neste caso, o centro procederá a remitir a solicitude á Secretaría Xeral de da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, San Caetano s/n, Santiago de Compostela.

Sétima.-O prazo de presentación de solicitudes e documentos será de 15 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Finalizado este prazo non se admitirá ningunha solicitude.

Unha vez concluído o prazo de presentación de instancias non se admitirá ningunha modificación ás peticións formuladas. Non obstante, admitiráselles renuncia a participar no concurso de traslados aos concursantes con carácter voluntario no prazo establecido para as reclamacións á lista provisional, na base décima, entendendo que tal renuncia afecta todas as peticións e especialidades consignadas na súa instancia de participación.

Oitava.-Os asinantes das instancias deberán manifestar nelas, de modo expreso, que reúnen os requisitos exixidos na convocatoria, consignando os centros que soliciten por orde de preferencia, cos números de código e especialidade que figuran nos anexos a esta orde.

Novena.-Para a avaliación dos méritos alegados polos concursantes, no que se refire ao punto 2.1 do baremo de puntuacións, a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria designará as comisións ditaminadoras oportunas, compostas polos seguintes membros:

-Un presidente nomeado entre os funcionarios que exerzan a función inspectora en materia educativa ou funcionarios do corpo de profesores de ensino secundario coa condición de catedrático en activo.

-Vogais: catro profesores do corpo de profesores de ensino secundario, en activo.

Actuará como secretario o funcionario que designe a Secretaría Xeral de entre os que exerzan funcións na dita secretaría xeral.

Ademais, poderá asistir ás comisións ditaminadoras un representante de cada organización sindical con presenza na Mesa Sectorial Docente non universitaria, con voz e sen voto.

As comisións ditaminadoras poderán solicitar o asesoramento que consideren oportuno.

Os membros das comisións estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes, polas restantes epígrafes do baremo de méritos, será realizada por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Décima.-Unha vez recibidas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria as actas das comisións ditaminadoras, coas puntuacións asignadas aos concursantes, procederáse, conforme as peticións e os méritos dos participantes, á adxudicación dos destinos e faranse públicas, nas súas delegacións provinciais e no enderezo [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es), as resolucións provisionais dos concursos de traslados.

No caso de se produciren empates no total das puntuacións, estes resolveranse, atendendo sucesivamente á maior puntuación en cada unha das epígrafes do baremo conforme a orde en que aparecen nel. Se persistise o empate atenderase á puntuación obtida nas distintas subepígrafes pola orde, igualmente, que aparecen no baremo. En ambos os casos, a puntuación que se tome en consideración en cada epígrafe non poderá exceder a puntuación máxima establecida para cada un deles no baremo, nin, no suposto das subepígrafes, a que corresponda como máximo á epígrafe en que se atopen incluídos. Cando ao aplicar estes criterios, algunha ou algunhas das subepígrafes alcance a máxima puntuación outorgada á epígrafe a que pertence, non se tomarán en consideración as puntuacións do resto de subepígrafes. De resultar necesario, empregárase como criterios de desempate o ano en que se convocou o procedemento selectivo a través do cal se ingresou no corpo e a puntuación pola cal resultou seleccionado.

Décimo primeira.-Os concursantes poderán presentar reclamacións ás resolucións provisionais dirixidas ao presidente ou presidenta da comisión, no prazo de cinco días a partir da súa exposición.

Así mesmo, no mesmo prazo, poderán presentar renuncia á súa participación no concurso, nas condicións establecidas na base sexta desta convocatoria. Estas reclamacións ou renuncias presentaranse polos procedementos a que alude a base sexta.

Décimo segunda.-Consideradas as reclamacións e renuncias a que se refire a base anterior, a Secretaría Xeral procederá a ditar as resolucións definitivas destes concursos de traslados. A dita resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*. As prazas adxudicadas na dita resolución son irrenunciabes, polo que os participantes deberán incorporarse ás prazas obtidas.

Contra a resolución definitiva, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no

prazo dun mes, contado a partir da súa publicación no DOG segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Décimo terceira.-O profesorado que obteña destino definitivo para o curso 2006-2007 nesta convocatoria non poderá obter destino no concurso xeral convocado por Orde do 20 de outubro de 2006 por esta consellería.

Décimo cuarta.-Os profesores que obteñan destino definitivo neste concurso realizarán as actividades propias da educación de persoas adultas, incluídas as ensinanzas recollidas no punto 2º do artigo 5 do Decreto 88/1999, do 11 de marzo, e a atención ás ensinanzas nas penitenciarías.

Así mesmo, impartirán as ensinanzas de ámbito de coñecemento atribuídas á súa especialidade, conforme o anexo III da Orde do 26 de maio de 1997, pola que se regula o ensino básico para persoas adultas.

Décimo quinta.-Os profesores excedentes que reingresen ao servizo activo como consecuencia do concurso, presentarán ante a delegación provincial de que dependa o centro obtido mediante o concurso de traslados, declaración xurada ou promesa de non se atoparen separados de ningún corpo ou escala da Administración do Estado, das comunidades autónomas ou da local, en virtude de expediente disciplinario, e de non estaren inhabilitados para o exercicio de funcións públicas.

Décimo sexta.-A toma de posesión dos novos destinos terá efectividade administrativa do 1 de setembro de 2007. Non obstante, os profesores que obtivesen destino nestes concursos deberán permanecer nos seus centros de orixe ata que conclúan as actividades imprescindibles previstas para a finalización do curso.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

### ANEXO I

EPA Eduardo Pondal-A Coruña.  
Código: 15025621.

Vacantes	Disciplina
1	Lingua castelá e literatura
1	Xeografía e historia
1	Matemáticas
1	Inglés
1	Psicoloxía e pedagogía
1	Lingua e literatura galegas

EPA Santa Mª de Caranza-Ferrol.  
Código: 15025751.

Vacantes	Disciplina
1	Xeografía e historia
1	Matemáticas
1	Francés
1	Psicoloxía e pedagogía

IES San Clemente-Santiago de Compostela.  
Código: 15021482.

Vacantes	Disciplina
1	Filosofía
1	Lingua castelá e literatura
1	Inglés
1	Psicoloxía e pedagogía

EPA Albeiros-Lugo.  
Código: 27601509.

Vacantes	Disciplina
1	Lingua castelá e literatura
1	Xeografía e historia
1	Matemáticas
1	Biología e xeoloxía
1	Francés
1	Inglés
1	Psicoloxía e pedagogía
1	Lingua e literatura galegas

EPA de Ourense.  
Código: 32015581.

Vacantes	Disciplina
1	Lingua castelá e literatura
1	Xeografía e historia
1	Matemática
1	Francés
1	Inglés
1	Psicoloxía e pedagogía
2	Lingua e literatura galegas

EPA de Pontevedra.  
Código: 36018872.

Vacantes	Disciplina
1	Lingua castelá e literatura
1	Xeografía e historia
1	Matemáticas
1	Psicoloxía e pedagogía
1	Lingua e literatura galegas

EPA Artes e Oficios-Vigo.  
Código: 36018884.

Vacantes	Disciplina
1	Lingua castelá e literatura
1	Xeografía e historia
1	Matemáticas
1	Psicoloxía e pedagogía